

**CIG****Boletín
Sindical**

Nº 24 - 2019

www.cig.gal

Por unha Galiza ceibe e sen explotación

Defender as pensións é cousa de todos e todas

As reformas do sistema público de pensións atrasaron a idade de xubilación aos 67 anos, desvincularon o seu incremento do IPC, ampliaron a 25 o número de anos para calcular a base reguladora, atrasaron a idade de acceso á xubilación anticipada e eliminaron, na práctica, a xubilación a tempo parcial. Isto provocou unha enorme deterioración das súas contías, máis dificultades para acceder a elas e, no último ano, numerosas mobilizacións en demanda de que se volvese tomar o IPC como índice de referencia para o seu incremento anual. Porén, o realmente grave son os efectos que terán -e xa están tendo- o resto das medidas introducidas, contra as que a CIG vén mobilizándose desde o mesmo día en que se anunciaron estas reformas en 2011.

Esas reformas provocaron que un traballador/a que se xubile hoxe cobre xa menos que quen se xubilou en 2009. Pero a deterioración das pensións non quedará aí. Se non nos mobilizamos e presionamos os gobernos, quen se xubile dentro de 5, 10 ou 20 anos verá como apenas lle queda unha pensión de subsistencia, sempre que consiga sumar os suficientes anos traballados para que se lle recoñeza o dereito a unha pensión contributiva.

E a situación é esta porque este era xustamente o obxectivo que tiñan esas reformas, desmantelar o sistema público de pensións para obrigar a clase traballadora a subscribir plans

privados de pensións cos que seguir alimentando o negocio da banca. Desmantelamento que están a conseguir -non así a introdución de plans privados, dada a nula capacidade de aforro da clase traballadora, que apenas pode subsistir nas condicións actuais- e que desde a maioría social temos que frear e reverter.

Situación dramática

A situación é dramática porque o cálculo das pensións futuras se fará conforme a uns salarios que nos últimos 10 anos perderon poder

Por unhas pensións públicas dignas e garantidas

Manifestación en Santiago

26 de xaneiro ás 12h na Alameda

Esta é unha loita de todas e todos

CIG
Confederación Sindical Galega
www.cig.gal

adquisitivo e para unha clase traballadora que sofre unha precariedade laboral inimaxinábel e intolerábel, con traballos temporais, a tempo parcial e mal pagos. Unha situación que será peor para as moitas traballadoras e traballadores que sofren nas súas carnes o desemprego nos últimos anos da súa vida laboral; para a mocidade de hoxe, que padece unhas condicións peores que as que tiñan os seus pais e nais e, sobre todo, para as mulleres, que teñen, en non poucos casos, lagoas de cotización por coidado das súas crianzas e sofren unha fenda salarial que supera o 23%.

Por iso a CIG convoca para o vindeiro día 26 de xaneiro unha mobilización nacional á que chama a maiores e novas, a traballadoras e pensionistas, a desempregados e precarias a mobilizarse en defensa do noso sistema público de pensións. En defensa do dereito a ter unhas condicións de vida dignas ao chegar á xubilación tras toda unha vida traballando.

Á clase traballadora nunca nos regalaron nada. Foi grazas á mobilización é a loita como conseguimos os avances. Toca agora saír de novo á rúa a defender o noso dereito a unhas pensións públicas dignas e garantidas. Esta é unha loita de todos/as.

A restrición do dereito á xubilación parcial, unha razón máis para nos mobilizar

Decisións políticas como a aprobación do Real Decreto 20/2018 sobre medidas para a xubilación parcial con contrato relevo reforzan a necesidade de participar na mobilización en defensa das pensións públicas que a CIG ten convocada para o 26 de xaneiro. Este RD, que aínda está sen validar, resulta discriminatorio e inxusto, xa que exclúe a maioría da clase traballadora do dereito á xubilación parcial aos 61 anos e introduce novas restricións ás empresas e ao seu persoal.

“O Goberno español elimina na práctica este dereito, privando a moitos traballadores/as que padecen unhas condicións laborais precarias e moi penosas do acceso a unha xubilación digna e a unha idade máis que merecida: aos 61 anos, e non aos 67 como aceptaron CCOO, UGT e a patronal cando apoiaron a reforma das pensións de 2011”, critica o secretario xeral da CIG, Paulo Carril.

Engade que haberá que cuantificar tamén o alcance real do RD na propia industria, tendo en conta o volume de man de obra indirecta e de persoal contratado a través de empresas multiservizos e ETT que hai nas compañías principais, pois este persoal tampouco poderá acceder a esta xubilación.



A finais de novembro, a central sindical remitiulle ao Ministerio de Traballo centos de manifestos de comités de empresas esixíndolle a derogación da reforma das pensións de 2011 e 2013 e manter este dereito para todos/as os asalariados/as nas condicións que existían previamente.

Galiza precisa rexuenerar os cadros de persoal para crear postos de traballo e rematar co desemprego e co drama da emigración. Mais tamén para incrementar os ingresos da Seguridade Social e do sistema público de pensións con máis cotizantes, e iso pasa por ofrecerlle traballo digno á mocidade, que regrese toda a que emigrou por mor da crise, e por derro-

gar as reformas laborais para favorecer condicións e salarios xustos. “Só así faremos máis forte o sistema público de pensións”, advirte.

Industria electrointensiva

O RD 20/2018 recolle tamén medidas para a industria con grandes consumos eléctricos que “resultan insuficientes e lentas ante a grave situación da industria electrointensiva, como no caso de Alcoa”. O Goberno español debe presentar propostas con prazos e partidas concretas, a efectivizar de inmediato nos Orzamentos Xerais para 2019, para avanzar na creación dunha tarifa industrial estábel, predicible e competitiva.

Folga xeral de mulleres o vindeiro 8M

O vindeiro 8 de Marzo haberá folga xeral de mulleres. Así o acordaron centos de delegadas no IV Encontro Nacional de Mulleres da CIG. Será un paro de 24 horas para dar resposta aos ataques do patriarcado porque “non imos permitir que fosen de farol o pasado 8M e que todas as promesas que fixeron nos días posteriores quedasen finalmente en nada”.

A secretaria das Mulleres da CIG, Margarida Corral, chamou a todas as compañeiras organizadas en colectivos feministas a “loitarmos xuntas neste día de protesta, reivindicación

e loita, situando Galiza no mapa mundial da folga de mulleres. Nós como traballadoras intensificaremos o esforzo divulgativo nos centros de traballo, convocaremos asembleas nas empresas, informando e convencendo da necesidade de irmos á folga, mais tamén man a man coas asociacións e colectivos dos que formamos parte para lograr que o 8M supere en participación o anterior, e o que é máis importante, teña repercusións legais e sexamos quen de erradicar as discriminacións, o machismo e a violencia que temos que facer fronte dentro e



fóra do ámbito laboral polo feito de sermos mulleres”.

As delegadas da CIG acordaron trasladar a proposta aos organismos da CIG, sendo ratificada por unanimidade no Consello Confederal celebrado o pasado 3 de decembro.



Seguir na loita para recuperar dereitos

O Consello Confederal da CIG, reunido o pasado día 3 de decembro, acordou a estratexia de traballo e o calendario de mobilizacións para 2019 tras analizar a situación política e o contexto sociolaboral derivado desta.



En representación do organismo, o secretario xeral, Paulo Carril, avaliou a incerteza política sobre a continuidade do Goberno español, condicionado polo debate en torno aos orzamentos do Estado, pactados con Podemos, e polo efecto propagandístico dos anuncios que se van facendo ás pingas. Así valorou que o que se pretende é desarmar “a loita social e a loita obreira”. Unha situación que considerou que “non podemos alimentar” e pola que chamou a “manter viva” a mobilización en dous aspectos fundamentais: na resposta á política xeral e na negociación colectiva.

Respecto da emerxencia da ultradereita nas eleccións andaluzas, responsabilizou ás posicións da esquerda española que, “coa súa dialéctica vinculada coa unidade de España e a negación da realidade plurinacional no Estado, xunto coa axenda timorata ou colaboradora coas políticas neoliberais, non se preocupa por derrogar as políticas do capital creando o caldo de cultivo” para iso.

Lamentou que nin o Goberno español ten intención de cambiar realmente as políticas, nin a Xunta de Galiza, por moito que agora faga “un papel de oposición aparental”. Mais tamén lamentou “a vontade inequívoca de CCOO e UGT de non apostar pola mobilización” para botar abaixo as reformas laborais, senón a de “ser cómplices dunha prolongación

de todas esas reformas e de todo o que ten que ver coa negociación colectiva”.

O Consello fixou como obxectivos a exigencia da inmediata derrogación das reformas laborais e das pensións; consolidar a posición da CIG como primeira forza nas eleccións sindicais; incrementar a afiliación como garante

de maior introdución nos centros de traballo e onde reside a forza da central sindical e reclamar na negociación colectiva a recuperación dos salarios ligada a salario mínimo de convenio, incrementos sobre o IPC real e cláusula de revisión salarial e o combate á precariedade e a pobreza laboral.

Mobilizacións

26 de xaneiro

Manifestación nacional en defensa do sistema público de pensións, con saída da Alameda compostelá ás 12:00 horas.

8 de Marzo

Folga xeral de mulleres.

10 de Marzo

Mobilizacións en todas as comarcas con motivo do Día da Clase Obreira Galega.

Campañas

ILP pola recuperación dos saltos hidráulicos

Recollida de sinaturas nos vindeiros meses para que estes saltos volvan ser públicos, combater a pobreza enerxética e rachar co oligopolio do sector enerxético.

Indulto de Carlos e Serafín

Reforzar a mobilización en demanda do indulto de Carlos e Serafín pasando das mobilizacións de carácter local a darlle transcendencia nacional.

Traballadores/as transfronteirizos/as

Manter a loita contra a súa explotación laboral.

Sanidade

Seguir a defender o sistema público ante os recortes da Xunta.

Por unha nova lexislación laboral e social

O secretario xeral da CIG, Paulo Carril, a secretaria de Organización, Susana Méndez, e o secretario confederal de Negociación Colectiva, Francisco González Sío, reuníronse o pasado mércores día 12 de decembro en Madrid coa ministra de Traballo, Magdalena Valerio.

A delegación da CIG denunciou o enorme retroceso nos dereitos individuais e colectivos da clase traballadora galega en materias como contratación, despedimento, xornada, salario ou mesmo cumprimento, ou negociación, dos convenios colectivos. Ante isto demandou unha nova lexislación laboral e social, en materia de negociación colectiva, de seguridade social e de formación continua, ademais da derogación tanto das “contrarreformas laborais” como das pensións públicas, entre outras cuestións.

Na xuntanza -concedida logo de reiteradas peticións que non foron contestadas, da denuncia pública da actitude do Ministerio cando Valerio visitou Galiza e se limitou a convocar



a patronal, CCOO e UGT e tras se facer pública unha carta na que se lle reprochaba esta actitude- o secretario xeral, Paulo Carril, lembrou que “o Goberno non pode seguir negando a existencia dunha realidade sindical plural, imparábel e incontestábel” en Galiza, onde a CIG é a primeira forza sindical en representación, en afiliación, en capacidade mobilizadora e en incidencia.

Así mesmo cuestionou que se “confunda, perverta e simplifique ao nocivo diálogo e concertación social, as

necesarias e razoábeis relacións entre os gobernos e as organizacións sindicais”.

Os representantes da CIG solicitaron ademais da ministra, e por extensión do Goberno, que se impliquen e leven adiante actuacións urxentes e inmediatas na defensa do futuro das fábricas de Alcoa, na resolución do conflito dos mariñeiros de Long Hope e dos emigrantes retornados/as e urxiron a que o Consello de Ministros/as aprobe dunha vez o indulto de Carlos e Serafín, que demandaron á maior brevidade posíbel.

A CIG trasládalle ao comisario europeo de Enerxía a proposta para a creación dunha tarifa industrial estábel e predicíbel

Unha delegación da CIG integrada por responsábeis sindicais e delegados da central nas fábricas de Alcoa en San Cibrao e A Coruña, acompañada pola eurodeputada do BNG, Ana Miranda, viaxou a Bruxelas para tratar co comisario europeo de Enerxía e Acción para o Clima, Miguel Arias Cañete, os problemas da industria electrointensiva do noso país.

A reunión solicitouse para coñecer de primeira man que medidas estuda a Unión Europea para atallar esta situación e presentarlle a proposta da CIG para a creación dunha tarifa industrial estábel e predicíbel, á que se poidan acoller as electrointensivas, situándoa no marco da grave problemática que atravesan este tipo de empresas polo elevado prezo da enerxía.

O secretario xeral da CIG criticou que as medidas adoptadas até o de agora polo Goberno español para garantir a viabilidade e o futuro destas industrias “son papel mollado que non resolven nada” e resultan demasiado lentas, particularmente no caso de Alcoa. Advertiu tamén do desastroso resultado da última poxa da interrompibilidade, que está a derivar en anuncios de ERE en novas empresas.

A CIG aproveitou o encontro para demandar da Comisión a posta en marcha de todos os mecanismos posíbeis para que a normativa europea facilite unha solución á industria electrointensiva na liña defendida



pola CIG, e reclamar que se defina o aluminio como un sector estratéxico “porque así o é para a economía galega e debería ter esta consideración tamén a nivel europeo, co que isto supón de vantaxes no ámbito enerxético, comercial, fiscal, etc.”.